

COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE MARZO DE 2015

Acórdase por asentimento:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 2 de marzo de 2015, enviada a todos os membros da Comisión, coa seguinte modificación a proposta da Sr^a. Vicecadánsa de Planificación e Calidade: No punto 13º do orde do día, no apartado relativo a propostas en materia de formación dos PAS, elimínase “se algún PAS o solicita”¹.
2. Incorporar á acta da reunión de 27 de marzo os tres escritos remitidos aos órganos competentes, segundo o acordado na reunión do día 2 de marzo de 2015, relativos a política de profesorado, formación do PDI e elaboración da PDA.
3. Validar as actuacións seguintes en relación coa difusión do Manual de calidade e da Política e obxectivos de calidade do centro:
 - a. Divulgación dos elementos estratégicos –expresamente misión, visión, política e obxectivos de calidade– a nivel interno, mediante a preparación de carteis, envío de correo electrónico a comunidade universitaria e publicación na web do centro e a nivel externo, a través dos canles adecuados (como a web do centro e/ou das titulacións adscritas ao mesmo).
 - b. Presentación do Plan estratégico do centro aos órganos de goberno da Universidade de Vigo (Consello Social e Consello de Goberno).
4. Validar as actuacións seguintes en relación co procedemento de elaboración de guías docentes para o curso 2015-16 para preparar as titulacións para o proceso de acreditación: dirixir un escrito ao Director da Área de Calidade manifestando a inquietude e preocupación da comisión pola ausencia de directrices claras a seguir no proceso de elaboración das guías docentes e solicitando aclaración sobre as dúbidas formuladas pola comisión para que o centro poida planificar os procedementos de elaboración das guías docentes das titulacións vinculadas ao mesmo.
5. Validar as actuacións seguintes para a promoción do centro e das súas titulacións:
 - a. Charlas divulgativas sobre temas de actualidade en Institutos.
 - b. Xornada de portas abertas
 - c. Envío de información sobre o Grao en Dereito aos orientadores dos Institutos e dos centros de Formación Profesional da provincia.
 - d. Publicidade sobre os congresos, conferencias, seminarios e xornadas sobre temas xurídicos organizadas no centro.
 - e. Promoción internacional do centro a través do profesorado e o alumnado que realiza estancias en Universidades estranxeiras.

¹ A acta coas correspondentes modificacións pode consultarse na Secretaría do Decanato.

- f. Promoción do Máster Universitario en Avogacía tanto na Xornada de acollida dirixida a estudiantes de primeiro de grao como no Curso 3.5 dirixido aos estudiantes de terceiro de grao.
6. Validar o curso 3.5 para estudiantes de terceiro do Grao en Dereito².
7. Validar a actuación seguinte para a cooperación con institucións e empresas: enviar un escrito solicitando a colaboración das institucións competentes da universidade —a Fundación Universidade de Vigo (FUVI), a Oficina de Relacións Internacionais (ORI), a Sección de Información, Orientación, Promoción do Estudante Voluntariado e Discapacidade (SIOPE) e a Área de Emprego e Emprendemento— para promover convenios con empresas e institucións interesadas en acoller a estudiantes graduados en Dereito ou egresados do Máster en Avogacía; filtrar, se resulta posible, a información sobre prácticas externas, bolsas, mobilidade, oferta de emprego, formación... que poida resultar de interese para persoas estudiantes ou tituladas en Dereito; incluír nunha base de datos empresas e institucións que colaboraran xa nalgún momento coa Universidade de Vigo acollendo estudiantes en prácticas; e aportar suxestións para a axeitada publicación da información xa filtrada a través da páxina web da Facultade de Dereito.
8. Validar as actuacións seguintes para facilitar a mobilidade dos estudiantes:
 - a. Na Xornada de Acollida, dirixida aos estudiantes de primeiro de grao, e no Curso 3.5, dirixido aos estudiantes de terceiro de grao, subminístraselles información sobre os programas de mobilidade.
 - b. Antes de cada convocatoria de bolsas Erasmus, a directora da ORI realiza charlas informativas nos centros, das que se da cumplida publicidade nas pantallas da Facultade e mediante correo electrónico dirixido aos estudiantes (de 2º e 4º curso) e a delegación de estudiantes.
 - c. Unha vez que se pecha o prazo de solicitude para as Bolsas Erasmus e antes de publicar a lista definitiva de destinos, celébrase unha reunión cos interesados coa finalidade de explicaralles, con detalle, todos os pasos a seguir.
9. Retirar a caixa de queixas, suxestións e parabéns e substituila por un cartel informativo no que se faga referencia ao novo procedemento de Xestión de queixas, suxestións e parabéns MC02-P1.
10. Publicar na páxina web do centro os datos relativos aos resultados académicos, unha vez realizada a análise histórico-temporal e desagregado por materias dos mesmos³.
11. Publicar na páxina web do centro os datos obtidos nos tres últimos cursos en relación cos obxectivos de calidade do centro, tras a análise destes⁴.
12. Validar a proposta do Plan Anual de Avaliación da Satisfacción de usuarias/os PAESU⁵.
13. Aprobar o Mapa de actividades de Calidade da Facultade de Dereito dende 2008 ata 2015, coas actividades desenvolvidas para a implantación do Sistema de Garantía

² O programa do curso 3.5 pode consultarse na Secretaría do Decanato.


³ Os indicadores académicos, desagregados por materia, curso e ano académico, poden consultarse na Secretaría do Decanato.

⁴ Os indicadores e os datos obtidos en relación cos obxectivos de calidade poden consultarse na Secretaría do Decanato.

⁵ A proposta do Plan Anual de Avaliación da Satisfacción de usuarias/os PAESU pode consultarse na Secretaría do Decanato.

Interno de Calidade (SGIC) dende o ano 2008 ata a actualidade⁶, e aprobar o Mapa de actividades vinculadas ao Plan de accións de mellora ao Informe de auditoría da certificación da implantación do SGIC proposto fronte ás non conformidades maiores detectadas (NCM) e ás oportunidades para a mellora (PM) suxeridas polo equipo auditor⁷, coas accións desenvolvidas no período comprendido entre o 6 de maio de 2014 –data da visita do equipo auditor- e o 7 de abril de 2015 –data do remate dos seis meses concedidos polo equipo auditor para a revisión documental-.

14. Presentar un escrito dirixido a Sra. Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, solicitando que se teñan en conta as suxestións realizadas pola CGC da Facultade de Dereito a fin de que se contemple a figura do profesor invitado como unha figura excepcional, a contratar en situacións de necesidade urxente ou docencia moi residual, nas que se demande a contratación de profesorado cunha urxencia que non permitan a celebración dun procedemento de selección que garanta ó acceso á función pública de acordo cos principios constitucionais de mérito e capacidade recollidos no art. 103 da Constitución española, a través da convocatoria dun concurso de acceso para persoal docente e investigador laboral fixo ou temporal ou cando o número de horas a impartir resulte claramente insuficiente para permitir a contratación de persoal docente e investigador laboral.
15. Validar as actuación previstas para a difusión da imaxe corporativa da Facultade - banner do 25 aniversario da Facultade; Posters sobre o Plan estratégico, Misión e visión, Política e obxectivos de calidade; Posters sobre o Mapa de actividades vinculadas ao SGIC da Facultade de Dereito entre o ano 2008 e 2015 e o Mapa de actividades en relación co Plan de accións de melloras ao Informe de auditoría da certificación da implantación do SGIC.
16. Validar a solicitude de adquisición dun programa informático de conversión de arquivos para facilitar a integración de persoas con discapacidade visual.



Ourense, 6 de abril de 2015

A secretaria

M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o dia 27 de marzo de 2015 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 6 de abril de 2015.

A SECRETARIA



⁶ O Mapa de actividades de Calidade SGIC Facultade de Dereito (2008-2015) pode consultarse na Secretaría do Decanato.

⁷ O Mapa de actividades vinculadas ao Plan de accións de mellora ao Informe de auditoría da certificación da implantación do SGIC proposto fronte ás non conformidades maiores detectadas (NCM) e ás oportunidades para a mellora (PM) suxeridas polo equipo auditor, poden consultarse na Secretaría do Decanato.